



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA PARA A ELABORACION DUN PROXECTO SOBRE A SITUACIÓN DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE LOGO DA IMPLANTACIÓN DO SEGUNDO DIVIDENDO DIXITAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral de Medios, Mar Sánchez Sierra, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios ten previsto formalizar coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31.10.2020.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se regulará a colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a AETG para o desenvolvemento dun proxecto para analizar a situación actual da rede de extensión de cobertura de televisión dixital terrestre en Galicia, unha vez rematada a implantación do Segundo Dividendo Dixital na Comunidade Autónoma, de acordo co establecido na normativa europea e no Plan Técnico Nacional.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A liberación do segundo Dividendo Dixital supón un cambio significativo no ámbito do desenvolvemento das telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, a AETG e a Secretaria xeral de Medios consideran de utilidade colaborar na elaboración deste proxecto que analice a situación actual da rede de extensión de cobertura da televisión dixital nos distintos concellos galegos afectados polo Segundo Dividendo Dixital.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Medios considera conveniente aproveitar os coñecementos e experiencia adquirida pola AETG grazas ás súas actuacións levadas a cabo no eido do 2º Dividendo Dixital no ámbito dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En suma, existe un interese común entre as dúas partes por levar a cabo unha análise o máis exhaustiva posible sobre a situación da rede de extensión de cobertura da televisión dixital tras a liberación do 2º Dividendo Dixital nos concellos galegos, polo que se considera oportuno e beneficioso para o interese público que a AETG lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización destas actuacións.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela, na data da marxe.

